

informa TEO

COMERCIO

Un Nadal de noso para decorar entre todas

Chega o Nadal e en Teo queremos que sexa un Nadal de noso, e para eso precisamos de vós. Dende as áreas de Desenvolvemento Local e Cultura deseñaron unha programación e unha serie de actividades coa comunidade no centro, para que todos e todas nos sintamos parte deste Nadal.

Un dos elementos máis destacados serán sete árbores elaboradas polo artesán local Rodrigo Mosquera, de Tres Oficios, que estarán colocados nas zonas máis comerciais.

Estas “árbores de noso” colocaranse sen decoración e as persoas que queiran poderán traer a súa bola ou decoración para colocar. Deste xeito haberá un anaco teu nas árbores de todas!

Ademais se te achegas cun adorno nos días 10 e 11 convidarémote a un chocolate.



Xogo arredor das árbores

Pero durante todo o Nadal se visitas estas árbores terás tamén un premio, especialmente pensado para a cativada da casa. En cada árbore haberá un código QR no que os/as pais/nais se poderán identificar unha vez e obterán un código. As persoas que se acheguen ás sete árbores e se rexistren a través do QR recibirán un agasallo dunha artesá local, unha lámina de Xiralúa. O obxectivo é que as familias busquen as sete árbores polo concello, disfruten das actividades e gozen deste Nadal do noso! •

Os horarios para realizar esta decoración comunitaria serán os seguintes:

Os Tilos	venres 10 ás 18:30 h
Casalonga	venres 10 ás 19:00 h
Cacheiras	sábado 11 ás 12:30 h
A Ramallosa	sábado 11 ás 13:00 h
Luou	sábado 11 ás 13:30 h
Montouto	sábado 11 ás 18:00 h
Pontevea	sábado 11 ás 18:30 h



Animación nas árbores

Durante as semanas do Nadal de noso tamén teremos ambientación. Deste xeito despois da chocolatada inicial, o sábado 18, o Apalpador visitará a ruta Apego en Pontevea de 12:00 a 13:30 e de 16:00 a 17:30; o domingo 19 teremos mercado de Nadal nos Tilos de 11:30 a 19:30 horas; o venres 24 en Cacheiras e Montouto teremos un pasacalles de música e espectáculo de cabezudos e gaiteiros ás 16:30 horas e o martes 28 teremos fotomatón de Nadal, na Casalonga de 11:30 a 13:30 e en Luou de 14:30 a 16:30 h. As “árbores de noso” tamén terán Cantos de Nadal con actuacións na rúa de coros do Concello que realizarán pequenas actuacións. Horario por determinar.

Maxia, música e teatro no Nadal cultural



O “Nadal de noso” terá ademais de animación de rúa vencellada ás árbores moitas actividades nas que a maxia, a música e o teatro serán protagonistas.

Ofertaranse obradoiros relacionados coa decoración e a comida típica destas datas

Así mesmo, ofertaranse obradoiros relacionados coa decoración e a comida típica destas datas.

O **mércoles 22** teremos **taller de adornos de Nadal** para nenos/as de 6 a 12 anos. Na antiga escola de Ameneiro de 11:30 a 13:30 h e na escola de Tras do Eixo de 16:00 a 18:00 h. Son de balde pero é preciso anotarse en turismo.teo.gal/actividades.

O **xoves 30** teremos **obradoiro de doces de Nadal** na Casa Común de Rarís para público infantil. Serán de 11:30 a 13:30 h. e de 17:00 a 19:00 h. Hai que anotarse en turismo.teo.gal/actividades

Festival de maxia

Os sábados de decembro teremos maxia para público familiar. Contarase con tres galas no Auditorio da Ramallosa. No sábado 4 visitaranos o Mago Romarís con *Maxia Potáxica*, o sábado 11 o Mago Paco don *Hocus Pocus* e o sábado 18 o Mago Dani Polo co espectáculo *Enmaxiarte*. Todas as funcións de maxia ás 18:00 h. Reserva de entrada escribindo a entradascultura@teo.gal

A Banda de Música de Teo ofrecerá un concerto o domingo 26 ás 17:30 no Auditorio e durante todo o mes teremos Fegateatro con varias funcións para todos os públicos.

Consultade toda a programación por data na páxina 8 de axenda •



Campos de Mirabel contará cun parque de aventura



O Departamento de Servizos Básicos coordina a instalación dun novo parque na urbanización de Campos de Mirabel (Calo) durante os últimos días. Trátase dunha instalación algo distinta aos parques habituais no que destaca unha corda tirolesa e varios xogos de equilibrio.

O concelleiro Ignacio Iglesias convocou unha xuntanza a finais de outubro coa veciñanza da zona para falar da actuación proxectada que finalmente quedará instalada na zona de chopos aínda que os elementos quedarán algo separados do espazo no que hai máis árbores para evitar riscos e problemas de mantemento.

Os elementos do parque son de madeira con aspecto rústico que tamén o fan diferente, novos e seguramente moi atractivos para a rapazada.

O parque deseñado contará cunha corda tirolesa de 20 metros, e xogos de equilibrio como as cordas paralelas, unha pasarela zig-zag, a ponte tibetana, pasos en liña, os zancos ou un labirinto.

O parque deseñado contará cunha corda tirolesa de 20 metros, e xogos de equilibrio como as cordas paralelas, unha pasarela zig-zag, a ponte tibetana, pasos en liña, os zancos ou un labirinto

O custo do parque é de 48.000 euros que se asumen con fondos propios municipais. Campos de Mirabel é unha urbanización cun perfil de poboación con moita familia e moita crianza. Conta cun censo de 510 persoas dos que 115 son rapaces/zas menores de 12 anos.

Tamén se vai a ampliar o parque existente e colocar mesas e bancos na zona verde.

Nos vindeiros meses tamén se vai executar outro espazo de lecer para a cativada moi agardado, o parque da horta do cura en Luou. Nestes días están comezando os traballos e está previsto que conten cun amplo espazo de xogo e zona de aparcamento •

Doazón de portátiles ao Concello

O Concello recibiu a doazón de quince ordenadores portátiles da empresa Tarlogic. Os equipos serán usados para actividades lúdicas e formativas organizadas dende as distintas

Tarlogic é unha empresa especializada en ciberseguridade e ciberintelixencia que ten a súa sede en Teo. A súa relación co Concello non se limita a esta doazón concreta xa que leva anos colaborando co Banco Veciñal de Alimentos con entregas ao mesmo

concellarías, principalmente enfocadas a nenos e nenas. O acto de entrega contou coa presenza de Andrés Tarascó Acuña, representante da empresa, e do alcalde de Teo, Rafael Sisto.

María López, concelleira de Cultura e Educación explica que “grazas a esta doazón podemos usar equipos máis modernos para algunhas das clases que tiñamos ofertadas e neste momento xa se están usando”. López continúa expresando “o noso agradecemento a esta doazón a Tarlogic dun material que para eles xa non é necesario e a nós sírvenos para realizar unha mellor oferta, sobre todo pensada para a cativada”.

Neste momento doce dos ordenadores xa se están utilizando no espazo da Aula de Informática para os cursos da Escola Municipal de Tecnoloxías da Información. Concretamente para os cursos de programación e deseño de videoxogos; para o curso de robótica e intelixencia artificial e para as clases de ofimática e mecanografía. O alumnado vai dos 8 aos 16 anos e son un total de 41 persoas •



DEPORTES

Deporte en Nadal

Deportes oferta actividades en decembro. **Tenis de mesa** no pavillón de Calo o 27, 28 e 29 de decembro de 11 a 13 horas para rapazada de 8 a 16 anos. O custo desta actividade é de cinco euros para gasto de material. Tamén se fará unha xornada de difusión de **hóckey patíns** o 19 de decembro, de 16 a 19 horas, no pavillón dos Tilos para nenos/as de 4 a 12 anos. De balde.

Para anotarse en calquera destas actividades hai que escribir a deportes@teo.gal a partir do 1 de decembro.

Catro pousadoiros no contorno do Camiño en Francos

A área de Turismo do Concello, dirixida por María López, vén de executar unha subvención vinculada ao Camiño de Santiago para establecer uns espazos de descanso nesta zona. Baixo o nome de “Pousadoiros no Camiño” recuperáronse ata catro zonas singulares, próximas a Francos nas que se lle deu un protagonismo absoluto á vexetación autóctona nunha actuación de restauración ecolóxica e paisaxística.

María López destaca que “quixemos recuperar leiras municipais á beira do Camiño Portugués que sirvan de espazo de parada para persoas peregrinas pero que tamén sexan lugar de encontro para a veciñanza e un exemplo de xestión forestal”. Ademais o traballo nestes espazos faise seguindo o criterio do HabitaTeo iniciado coa recuperación da parcela da Tomada en Calo. O HabitaTeo é un programa que xorde co obxectivo de poñer en valor os espazos que representan algún ecosistema característico de Teo. No caso dos pousadoiros actuouse en zonas bastante deterioradas e para a súa recuperación utilizáronse elementos de procedencia local e mesmo orixinados nas propias parcelas.

Os pousadoiros xa se poden desfrutar e están localizados nos seguintes puntos: Costiña de Francos, Pousadoiros de Francos, Parada de Francos e A Piollosa. A superficie total das catro fincas é de 14.111 metros cadrados.

As intervencións propostas sitúanse nun punto medio entre o axardinamento clásico e a restauración ecolóxica, que é a que ten por obxecto a restauración dos hábitats naturais preexistentes e a recuperación das comunidades de plantas, animais e o resto de organismos que viven nela.

Nas leiras houbo que realizar un traballo inicial de retirada de lixo, eliminación de flora invasora e rozadura selectiva. A continuación fíxose un traballo de plantación de árbores e arbustos autóctonos e sementeira de herbáceas. Tamén se instalaron valos de madeira e outros elementos de protección sinxelos e colocáronse elementos en madeira, tres troncos semienterrados que serven tamén de ele-



mentos identificadores dos pousadoiros e para pousar pequenas cousas como pode ser unha mochila, pensando nos/as peregrinos/as. Complétanse cunha zona de talude plantada con arandos e framboesas.

A actuación complétase coa instalación de caixas niño para o fomento de aves e morcegos •

LINGUA



Bota a andar o Bosque Apego

A área de Lingua do Concello de Teo promove que as familias que formen parte do programa Apego e teñan unha crianza menor dun ano planten unha árbore autóctona xuntas. Será o sábado 18 de decembro nun espazo denominado “Bosque Apego”, situado en Nespereira, Luou.

Para levar a cabo esta actividade, o Servizo de Normalización Lingüístico recibiu peticións ao longo do ano, nas entrevistas que mantén coas familias que se achegan para formar parte do Programa Apego, para formar parte desta actividade. Agora, realizarase un novo contacto con estas familias para citalas para o 18 de decembro e facer xuntas a plantación da árbore que se identificará con cada crianza. Ese será o momento das familias, xa que cada unha, xunto coa súa crianza plantará a árbore seleccionada e esta será identificada co nome da crianza.

Se precisas máis información sobre esta iniciativa escribe a lingua@teo.gal

BENESTAR Nadal con agasallos para todas as crianzas



Ponse en marcha unha campaña solidaria para que todas aquelas persoas que queiran colaborar poidan facelo dun xeito sinxelo

teña ese Nadal como só se desfruta de neno/a.

E para acadalo ponse en marcha unha campaña solidaria para que todas aquelas persoas que queiran colaborar poidan facelo dun xeito

Chega o Nadal e é de xustiza que todas as crianzas teñan os seus agasallos. Dende o programa de Educación Familiar, dependente da Concellaría de Benestar, quérese garantir que toda a infancia teense

sinxelo. Pódense facer contribucións de cinco euros en Multicentro Pernas, a Librería d'Ana e a Vagoneta Educativa sen límite. Os vales estarán dispoñibles ata o 20 de decembro nestes locais.

O importe recadado retirárase en agasallos destas mesmas tendas. Deste xeito tamén se colabora co comercio local, que dende o primeiro momento se amosou disposto a colaborar con esta iniciativa.

O concelleiro de Benestar, Ignacio Iglesias, explica que nos Servizos Sociais debemos cubrir esta necesidade cando chegan estas festas e o ano pasado esta iniciativa tivo moi boa acollida con colaboracións económicas de particulares, nalgúns casos moi destacables. Concretamente recadáronse 1.170 euros e puidéronse mercar presentes para 52 nenos/as.

Iglesias tamén destaca a importancia de dispor destes fondos para poder mercar xoguetes e agasallos novos para o que resulta fundamental a colaboración cidadá, xa que os fondos para emerxencia social priorízanse para outras necesidades.

Máis información sobre esta iniciativa no teléfono 981 809 707 ou escribindo ao correo-e servizossociais@teo.gal •



COMERCIO

Mercado de Nadal nos Tilos

O domingo 19, de 11:30 a 19:30 horas, teremos de novo Mercado de Nadal nos Tilos. Unha boa oportunidade para mercar os últimos agasallos.

Haberá postos de artesanía, viños teenses e sidra da Comarca do Ulla, produtos de panadaría, floraría, librarías e mercado labrego.

E para animar a xornada haberá obradoiros para a cativada e carrusel ademais dunha cantina.


A Pena Escorredía de Montouto. “Sacra Saxa” en Teo

O catedrático Fernando Alonso Romero, un dos grandes investigadores da cultura tradicional e do patrimonio inmaterial en Galicia, fálanos no seu recente traballo das “pedras sagradas” galegas.

O amplo coñecemento deste historiador da literatura oral e do patrimonio inmaterial do mundo atlántico europeo permitiulle achegar interesantes exemplos destas “sacra saxa” presentes na Galiza rural, semellantes ás localizadas noutras áreas do occidente de Europa.

Penedas con características morfolóxicas especiais, tipoloxías singulares que explican que dende a Prehistoria se lle outorgasen certas propiedades funcionais ligadas a determinadas prácticas ou posuidoras de atribucións extraordinarias. Rochas que posúen unha grande significación no folclore destes pobos atlánticos.

Fernando sinala como un dos claros exemplos á nomeada “Pena Escorredía” de Montouto, unha das “pedras escorregadoiras” que salientan na nosa paisaxe con poderes fecundantes que lembran ás coñecidas “sliding – stones” das illas británicas •



Penedas con características morfolóxicas especiais, tipoloxías singulares que explican que dende a Prehistoria se lle outorgasen certas propiedades funcionais

ALONSO ROMERO, F. “Nuevos estudios sobre peñas sacras en Galicia y sus paralelos en las áreas atlánticas”. En: Sacra saxa II: las piedras sagradas de la península ibérica: actas del II Coloquio Internacional sobre Sacra Saxa, celebrado en Huesca en noviembre de 2019 / bajo la coordinación de Martín Almagro-Gorbea y Ángel Gari Lacruz. – Huesca: Instituto de Estudios Altoaragoneses (Diputación Provincial de Huesca), 2021

PUIDERA SER
QUE UN DÍA
DE REGRESO
SE VESTIRA SAOR
DE ALEGRE OUTONO
PARA VERME RETORNAR
CHEO DE SONO
DURMIR
CABO DOS MEUS,
Á TERRA PRESO.



FALAMOS

**UN ESPAZO PARA
COIDAR A NOSA**

LINGUA

**Con ben pan
e moita leña,
o inverno
a ninguén empeña**

AXENDA

Decembro de 2021



Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica

De 10:00 a 12:00 h. xoves 9 e martes 14, 21 e 28 na Casa do Concello

Venres Mercado en Cacheiras

Sábados Mercado do Alimento Labrego nos Tilos

3 Venres 18:00 h. **Teatro**. FegaTeatro familiar; Grupo Artías Teatro: *A princesa Carlota* (Infantil 4-8 anos). Grupo Paso de Valverde: *Ultrasónica* (Comedia, aventuras, ciencia ficción. Todos os públicos). Acceso ata completar capacidade. Asociación ARCOS Tilos

4 Sábado 18:00 h. **Festival de Maxia: Maxia Potáxica**, co Mago Romarís. Público familiar. Con reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste

Sábado 20:00 h. **Presentación do libro** *O toque pechado*, do veciño Pablo Seoane. Acceso ata completar capacidade. Biblioteca Municipal do Grilo, Cacheiras

5 Domingo 18:00 h. FegaTeatro presenta **Microteatro**: Grupo Farándula Velutina: *Punta tacón* (Comedia. Maiores de 10 anos). Grupo Hipócrita Teatro: *Mitoloxía para ignorantes* (Comedia. Adulto). Grupo Atrezo Teatro: *As camelias brancas* (Comedia. Adulto). Acceso ata completar capacidade. Centro Cultural A Ponte Vella

10 Venres. **Inauguración comunitaria das "Árbores de noso"**. Os Tilos e A Casalonga. Ver horarios páxina 1.

Venres 20:00 h. **Teatro**. FegaTeatro presenta: Grupo Teatro do Ar: *Un vals para Cincinnati* (Drama. Público mozo e adulto). Acceso ata completar capacidade. Auditorio Constante Liste

11 Sábado. **Inauguración comunitaria das "Árbores de noso"**. Cacheiras, A Ramallosa, Luou, Montouto e Pontevea. Ver horarios páxina 1.

Sábado 18:00 h. **Festival de Maxia: Hocus Pocus**, do Mago Paco. Público familiar. Con reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste

12 Domingo 10:00 h. **Ruta teatralizada da Batalla de Cacheiras**. Público adulto. Inscribirse en turismo.teo.gal

Domingo 18:00 h. **Teatro**. Fegateatro presenta: Axóuxere Teatro: *Facendo as partixas* (Comedia **dramática**. Maiores de 12 anos). Acceso ata completar capacidade. Centro Cultural da Asociación Cultural A Mámoa de Luou

14 Martes 15:30 h. **Pallasos**. Fran Rei e Pallasos en Rebeldía presentan: *FOOT*, onde se abordará a situación do pobo palestino. Auditorio do IES Cacheiras

16 Xoves 19:00 h. **Teatro**. Aula de Teatro do IES de Cacheiras presenta: *Reviracontos*. Acceso ata completar capacidade. Auditorio Constante Liste

17 Venres 20:00 h. **Teatro**. Fegateatro presenta: Grupo A Tequerreté Teatro: *Confinados* (Comedia para todos os públicos). Acceso ata completar capacidade. Auditorio Constante Liste

18 Sábado de 12:00 a 13:30 e de 16:00 a 17:30 h. **Visita do Apalpador**. Estará agardando por vós mentres pasea pola Ruta Apego de Pontevea

18

Sábado 18:00 h. **Festival de Maxia: Enmaxiarte** co Mago Dani Polo. Público familiar. Con reserva de entrada en entradascultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste

Sábado 17:30 h. **Escola ecoloxista**. Xornada sobre arte e natureza. Dirixido a mocidade. Inscripción dende o 1 de decembro en mocidade@teo.gal. Casa Común de Raris

19

Domingo 11:30 h a 19:30 h. **Mercado de produtos de Nadal**: artesanía, mercado labrego, postos de alimentación e bebida. Noria tradicional e música en directo! Mercado dos Tilos. Praza Circular

Domingo 19:00 h. **Teatro**. Fegateatro presenta: Grupo A Tequerreté Teatro: *O enredo* (Familiar). Acceso ata completar capacidade. Auditorio Constante Liste

Domingo 16:00 a 19:00 h. **Xornada de difusión do hóckey patíns**. Idades de 4 a 12 anos. Inscripcións a partir do 1 de decembro de 2021 en deportes@teo.gal. Pavillón dos Tilos

21

Martes 10:00 h. **Teatro**. Aula de Teatro do IES de Cacheiras presenta para o alumnado de CEIP da Igrexa de Calo: *Reviracontos*. Auditorio Constante Liste

22

Mércores. **Obradoiros de adornos de Nadal**. Crianzas de 6 a 12 anos. Escola de Artes Plásticas de Ameneiro de 11.30 a 13.30 h. Escola de Artes Plásticas de Tras do Eixo 16.00 a 18.00 h. Inscripción previa en www.turismo.teo.gal/actividades

23

Xoves 18.00 h. **Concerto Radio Bule Bule**, de Paco Nogueiras (público familiar). Con reserva de entrada en entradas en cultura@teo.gal. Auditorio Constante Liste

24

Venres 16:30 h. *Os Apalpadoriños* de Nelson Quinteiro Producións: **Pasacalles de música e espectáculo de cabezudos e gaiteiros** polas beirarrúas dende Montouto ata Cacheiras.

26

Domingo 17:30 h. **Concerto de Nadal** da Banda Cultural de Música de Teo. Acceso ata completar capacidade. Auditorio Constante Liste

28

Martes. **Fotomatón de Nadal**: Saca a túa foto de Nadal. Na zona comercial da Casalonga (11:30-13:30) e Luou (14:30-16:30) haberá unha máquina para retratarse coas Árbores de noso. Acceso ata completar capacidade.

27-29

Tenis de mesa. 11:00 a 13:00 h. Idades de 8 a 16 anos. Prezo 5 € para gasto de material. Inscripcións a partir do 1 de decembro de 2021 en deportes@teo.gal ata completar prazas. Pavillón de Calo

30

Xoves **Doces de Nadal: Obradoiro de doces de Nadal**. De 11:30 a 13:30 h. e de 17:00 a 19:00. Gratuito. Inscripcións en: www.turismo.teo.gal/actividades. Casa Común de Raris

Cantos de Nadal zonas comerciais do Concello. Información en teo.gal

5

XANEIRO. Mércores **Cabalgata dos Reis Magos**. As SSMM de Oriente visitarán Teo.